



FORMACIÓN A MEDIDA

A valoración que se pode facer desta nova experiencia (FP dual) non pode ser máis positiva.

Por unha banda, a nivel profesional o alumnado intégrase no organigrama da empresa dunha forma menos traumática, asumindo responsabilidades sobre o seu labor máis rapidamente e, por outra, a nivel persoal, @s alumn@s pasan a ser parte dun equipo de traballo no que aportan xuventude e ganas.

José A. Fdez-Reinante Gómez
Xefe de administración



WWW.IESPERDOURO.GAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

FP DUAL

Andrés Duarte Clase fálanos da súa experiencia de formación no **2º Ciclo Medio de Xestión Administrativa** na modalidade DUAL na empresa Sargadelos.

EXPERIENCIA ENRIQUECEDORA

POR QUE ESCOLLICHES A FP DUAL?

Pareceume interesante a idea de poder traballar de forma remunerada durante 6 meses nunha empresa e ver a aplicación práctica do traballo aprendido na aula así como seguir formándome nun ámbito real. Na clase sempre se van facer supostos ou exercicios que tentan simular a actividade dunha empresa, pero cando estás a traballar nunha suceden situacións que non van suceder nunca nunha clase.

CUMPRÍRONSE AS TÚAS EXPECTATIVAS?

Si, foi moi enriquecedor. Notei que os meus coñecementos sobre algúns dos conceptos que me ensinaron na clase aumentaron bastante e tamén madurei en todo o tempo que duraron as prácticas.

QUE CHE APORTOU A EXPERIENCIA NA EMPRESA?

A nivel persoal fíxome confiar máis en min mesmo e a nivel profesional conseguín ser máis ordenado cos traballos que teño que facer, traballei en equipo e aprendín a adaptarme ás normas e criterios da empresa.

CALES SON AS TÚAS PERSPECTIVAS DE FUTURO DESPOIS DE CURSAR A FP DUAL?

A día de hoxe incorporeime ao cadro de persoal da empresa. A miña idea é seguir estudando para conseguir o título do ciclo superior e á vez, seguir traballando a media xornada para mellorar profesionalmente.